



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación das táboas salariais definitivas do ano 2011 do convenio colectivo da empresa Urbaser, S.A. na súa actividade de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza pública do Concello de Narón

Vistas as táboas salariais definitivas para o ano 2011 do convenio Colectivo da empresa URBASER, S.A. na súa actividade de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza pública do concello de Narón (código 15003711012000), aprobadas pola representación da empresa e os cinco membros do Comité de empresa, pola parte social, na xuntanza do día 8 de marzo de 2012, de conformidade co disposto no artigo 90.º 2 e 3.º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Taballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 14 de maio 2012.

O xefe territorial de Traballo e Benestar

Luis A. Alvarez Freijido



www.cigservizos.org

ACTA DE ACTUALIZACIÓN DAS TÁBOAS RETRIBUTIVAS DEFINITIVAS CORRESPONDENTES AO ANO 2011 DO CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO DA SOCIEDADE URBASER, S.A. NA SÚA ACTIVIDADE DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA PÚBLICA DO CONCELLO DE NARÓN -A CORUÑA- (BOP 30 DE XUÑO DE 2011).

ASISTENTES:

POLA EMPRESA:

D. Luis Ángel Torre Rodríguez

D. Honorio García García

POLA REPRESENTACIÓN UNITARIA DOS TRABALLADORES:

D. Alberto Caramés Corral

D. Álvaro Rodríguez Pérez

D. Miguel A. Mouriz García

D. Óscar Beceiro Hermida

D. Vicente Lamas Martínez

ASESOR DA PARTE SOCIAL:

D. Xesús Anxo López Pintos

Nos locais da empresa Urbaser, S.A. sitos na estrada de Cedeira, km 1, n.º 89, 15570 Narón (A Coruña), sendo as doce horas do día 8 de marzo de 2012, reúnense as persoas enriba relacionadas, na representación que cada unha das partes ostenta.

Ambas as partes, representación empresarial e representación social, de conformidade cos artigos 87 e 88 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores e o artigo 27 da propia norma convencional citada no encabezamento da presente acta, con relación ao preceptuado nos artigos 82, 85 e 91 do citado texto refundido, recoñécense como interlocutores válidos con lexitimidade para negociar, polo que no presente acto, trá-las deliberacións oportunas, proceden á adopción dos seguintes:

ACORDOS:

PRIMEIRO.—En virtude do art. 27 do convenio colectivo de traballo da sociedade URBASER, S.A. na súa actividade de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza pública do Concello de Narón –A Coruña– (BOP 30 de xuño de 2011), aprobar as táboas salariais definitivas correspondentes ao ano 2011, unha vez constatado o IPC real de decembro de 2011.

A revisión de salarios do ano 2011, realiza-se sobre a táboa salarial definitiva vixente durante o ano 2010, publicadas o 30 de xuño de 2011, conforme ao acordado no art. 27 do mencionado convenio (IPC REAL DECEMBRO DE 2011 MENOS 0,6%).

SEGUNDO.—Que tendo sido constatado que o IPC real de decembro de 2011 foi o 2,4% de acordo co art. 27 do convenio colectivo de aplicación, corresponde a actualización da táboa salarial definitiva de 2011 en dita porcentaxe menos o 0,6% ($2,4\% - 0,6\% = 1,8\%$), sobre a táboa salarial definitiva 2010, constituíndose, polo tanto, como táboa salarial definitiva 2011 (anexo I), cuxa data de aplicación efectúase desde o día 1 de xaneiro de 2011.

A aplicación da nova táboa salarial definitiva 2011, e os posibles atrasos xerados como consecuencia da aplicación da mesma con data de efectos o 1 de xaneiro de 2011 aboados nunha soa paga, aplicaranse no prazo máximo do devengo e liquidación da mensualidade inmediatamente posterior á publicación da presente acta no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.—Proceder a realizar os trámites oportunos para elevar as copias da presente acta e os seus anexos antes referidos ante a autoridade laboral ou organismo que no seu caso sexa competente na materia para o seu rexistro e publicación no Boletín Oficial da Provincia, habilitando a D. Francisco Xabier Cartelle Pérez, con DNI 32656027-Y, para o rexistro das mesmas.

E, en proba de conformidade co que antecede, ratificándose sen reserva algunha en todo o seu contido, ambas as partes, social e empresarial, asinan o presente acordo e anexo I, a data 8 de marzo de 2012.

TÁBOA RETRIBUTIVA DEFINITIVA PARA O ANO 2011 DO CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO DA SOCIEDADE URBASER, S.A. NA SÚA ACTIVIDADE DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS E LIMPEZA PÚBLICA DO CONCELLO DE NARÓN –A CORUÑA– (BOP 30 DE XUÑO DE 2011)

| URBASER, S.A. NARÓN CATEGORÍA | SALARIO BASE | PLUS PENOSIDADE | PLUS ACTIVIDADE | PLUS TRANSPORTE | PLUS NOCTURNIDADE | PAGA VERÁN | PAGA NADAL | PAGA MARZO | PAGA DE SETEMBRO | VACACIÓNS | RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL |
|----------------------------------|--------------|--------------------|--------------------|--------------------|----------------------|---------------|---------------|---------------|---------------------|-----------|----------------------------|
| CAPATAZ | 1.120,30 | 182,80 | 158,38 | 59,82 | | 1.521,30 | 1.521,30 | 1.521,30 | 1.521,30 | 1.521,30 | 24.340,79 |
| CONDUCTOR | 1.024,49 | 167,17 | 66,92 | 59,82 | | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 21.094,43 |
| CONDUCTOR NOITE | 1.024,49 | 167,17 | 66,92 | 59,82 | 208,95 | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 1.318,40 | 23.392,93 |
| PEÓN | 901,72 | 147,13 | 58,61 | 59,82 | | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 18.676,47 |
| PEÓN NOITE | 901,72 | 147,13 | 58,61 | 59,82 | 183,92 | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 1.167,28 | 20.699,61 |
| ADMINISTRATIVO | 1.043,10 | | 236,79 | 59,82 | | 1.339,71 | 1.339,71 | 1.339,71 | 1.339,71 | 1.339,71 | 21.435,33 |
| | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | |

2012/6281